




Benvidos e benvidas á tempada 2024-2025. O mércores 4 de setembro comezan os adestramentos do Club Natación Arteixo. Os horarios e grupos están dende hoxe á vosa disposición na nosa páxina web ([www.natacionarteixo.com](http://www.natacionarteixo.com)). Se tedes algunha dúbida ou dificultade cos horarios poderedes falar coas adestradoras.

Recordamos a todos os socios, que **os pagos mensuais son de 10 cotas**, é dicir, páganse dende setembro a xuño, incluído.

**A cota anual de socios**, independentemente do número de días que se adestre, será de 60€ por familia. Este importe poderá ser abonado entre setembro e decembro de 2024.

**Os cambios nos días de adestramento ou baixas, deberán ser comunicados á adestradora e tamén vía e-mail ou na oficiña do club os venres de 18.00 a 20.00**

**Cuantía dos pagos mensuais:**

COTAS TEMPADA 24-25			
Número de nadadores por familia	Días de entreno semanal		
	1	2	3
	22€	36€	50€
			71€
			85€

Aportación para competicións que requiran estancia:  
maiores 18 anos 100 €  
menores 18 anos 50€

10 Mensualidades:  
de setembro 2024 a xuño 2025 (incluídos)

60€ Cuota anual de socio/a (a pagar entre setembro e decembro) e Licenza Deportiva (prezo marcado pola FEGAN)

**As licenzas deportivas da FEGAN** serán abonadas antes do 20 de setembro.

As diferentes cuantías son:

- Nacidos no ano **2008** e maiores: 50€
- Nacidos entre os anos **2009 e 2014 (incluídos)**: 45€
- Nacidos no ano **2015** e menores: 27€

A esta circular acompaña o impreso de licenza que debe ser cuberto e entregado ás adestradoras antes do día 19 de setembro para que a licenza sexa tramitada de forma correcta.

#### Datos de contacto

Club Natación Arteixo  
Avda. Arsenio Iglesias (Piscina Municipal) 15142 Arteixo  
Tel. 652542548  
E-Mail: [info@natacionarteixo.com](mailto:info@natacionarteixo.com)  
Web: [www.natacionarteixo.com](http://www.natacionarteixo.com)

#### Información de pago

Número de conta do Banco Sabadell: **ES69 0081 0390 1600 0206 4308**  
Realizar transferencia do 1 ao 10 de cada mes e indicar no concepto do ingreso o texto seguinte:  
**CUOTA SOCIO MENSUAL + NOME NADAD@R**

**CATEGORÍAS FEGAN TEMPADA 2024/2025**

Prebenxamíns: 2016 e menores masculino e feminino

Benxamíns: 2014-2015 masculino e feminino

Alevíns: 2012-2013 masculino e feminino

Infantís: 2010-2011 masculino e feminino

Junior: 2009-2008-2010 masculino e feminino

Sub-20: 2006 masculino e feminino

Absoluto: 2005 e maiores masculino e feminino

**HORARIOS DE TODOS OS GRUPOS****Absolutos, Junior e Infantís**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADOS
20.15 - 22.30	20.15 - 22.30	20.15 - 22.30	20.15 - 22.30	20.15 - 22.30	10.45 - 13.30
SECO:	19.15 - 20.15		19.15 - 20.15		EN 2 GRUPOS

**Grupo 6**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADOS
18.45 - 20.30	16.45 - 18.15	18.45 - 20.30	16.45 - 18.15	18.30 - 20.00	10.45 - 11.45

**Grupo 5**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
18.15 - 19.00	16.00 - 17.00	18.15 - 19.00	16.00 - 17.00	18.00-18.45

**Grupos de Iniciación á Competición/Escolas****Grupo 4**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
17.30 - 18.15		17.30 - 18.15		17.15-18.00

**Grupo 3**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.45-17.30		16.45-17.30		16.00-16.45

**Grupo 2**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	18.15-19.00		18.15-19.00	

**Grupo 1**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16.00-16.45		16.00-16.45		16.45-17.30

\*TODOS ESTOS HORARIOS COMEZARÁN O DÍA 4 DE SETEMBRO AGÁS:

-O GRUPO DE MAIORES, QUE DURANTE O MES DE SETEMBRO FARÁN SECO TÓDOLOS DÍAS, TERÁN O SEGUINTE HORARIO:

TÓDOLOS DÍAS: DE 19:15 A 21.30-22:00 (1 HORA DE SECO)

-O GRUPO 6 LUNS E MÉRCORES: DE 18:30 A 20:00 (SÓ O MES DE SETEMBRO)

\*OS ADESTRAMENTOS DOS SÁBADOS EMPEZARÁN O 5 DE OUTUBRO

## IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPORTISTA

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN con CIF G15137201 e domicilio social sito en AVD. DE GLASGOW Nº13 15008, A CORUÑA (A Coruña), coa finalidade de atender os compromisos derivados do contrato suscrito entre ambas as partes. En cumprimento coa normativa vixente, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que os datos serán conservados o prazo legalmente establecido.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos obxecto do presente contrato.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, dirixíndose por escrito á dirección de correo dpo.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico info@fegan.org.

Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, a FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

D/Dña \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_, solicita a tramitación da súa licenza territorial no club **CLUB NATACIÓN ARTEIXO**, pertencente á Federación Galega de Natación, para a tempada 20\_\_\_/20\_\_\_.

Asinado \_\_\_\_\_ pai/nai ou titor/a (en caso menores de idade) con DNI: \_\_\_\_\_

### ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA - XOGADE

#### Poñer aquí o logo da entidade

Dona/Don \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ autoriza a (nome da entidade) \_\_\_\_\_ a introducir os datos necesarios na aplicación de inscricións do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos) da Secretaría Xeral para o Deporte para a participación no mesmo.

Os datos que se achegarán serán: Nome, Apelidos, Xénero, NIF (se o ten), Data de Nacemento e Nivel educativo.

Estes datos serán utilizados unicamente a efectos de mutualización no seguro de accidente deportivo asociado á súa licenza federativa.

Esta autorización terá validez todos os anos en que a/o deportistas estea federada/o coa entidade. Poderá ser revogada en calquera momento notificándoo ao club, porén os datos de tempadas anteriores non poderán ser eliminados da aplicación.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asinado: \_\_\_\_\_.

NOTA: Os nadadores/as que realizan por primeira vez a licenza deben acompañar xustificación da data de nacemento. DNI escaneado.